

Contacto

O primeiro de todo, as dúbidas, ante calquer dúbida douvos a miña dirección de correo:

josepino@edu.xunta.gal

e a miña dirección á miña sala personal de Webex

<https://eduxunta.webex.com/meet/josepino>

Webex

En Webex tan só vos vou pedir dúas cousiñas:

1. Planifica unha reunión onde apareza eu convidado, as restriccións da reunión son as seguintes:
 - a. No título ten que aparecer o nome dunha materia e un curso/grupo do teu cole.
 - b. Debe ser para as 12:15 dun día da semana (o que ti prefiras)
 - c. Débesme convidar a min como asistente
2. Planifica outra reunión e convida a varios asistentes, entre eles a outra conta de correo que ti teñas. Realiza as seguintes accións:
 - a. Captura de pantalla onde se vexa que a reunión está iniciada e que hai algún asistente (a idea é que entres dende o móbil ou outro dispositivo coa outra conta de correo). Envíamala por correo.
 - b. Tenta as seguintes accións, se tes dúbidas contacta connigo:
 - i. Proba a silenciar/desilenciar a todos os asistentes. Lográchelo?
 - ii. Proba a eliminar a alguén dalgunha reunión. Lográchelo?

Moodle

No Moodle un par de accións básicas:

1. Na aula de prácticas do CFR de Ourense, escolle un dos temas libres ou ben xera un tema novo. No título do tema pon TEMA X (o x múdao polo número que sería o correcto seguindo a orde). E a continuación o teu nome.
2. Dentro do tema xera os seguintes contidos:
 - a. Dúas etiquetas, unha que poña apuntamentos e outra que poña recursos.
 - b. Debaixo da etiqueta de apuntamentos debe haber un arquivo .pdf chamado apuntamentos (o .pdf pode ser calquera que teñas a man)
 - c. Debaixo de recursos deberá haber unha ligazón a unha dirección web (neste caso usaremos por exemplo o enderezo web do teu centro)

Nota: Co fin de facilitar a conciliación e o traballo desbordante que temos estes días, non hai data nin hora de realización das tarefas, pero deben estar elaboradas para a segunda sesión de videoconferencia, deste xeito poderemos resolver dúbidas.

Lembrede que tendes o meu correo para resolver dúbidas e a miña sala persoal de Webex que abrirei no caso de ter que explicaros algo máis detalladamente.

jpV josepino.es